



O acto contou tamén con representantes das cooperativas FEASGA e Uniserco-MILAR

## **COMERCIANTES DE PONTEVEDRA ASISTIRON Á PRESENTACIÓN DA PLATAFORMA CIC-COMMERCE NA CÁMARA DE COMERCIO DESTA CIDADE**

Santiago, 7 de xullo.- Comerciantes dedicados aos sectores da ferretería e os materiais de construción da área de Pontevedra e representantes das cooperativas FEASGA e Uniserco-MILAR asistiron onte á presentación nesta cidade da plataforma CIC-Commerce, financiada pola Unión Europea e pola Xunta de Galicia.

O acto, que se celebrou na Cámara de Comercio de Pontevedra, contou coa presenza de Juan Gómez Romero, coordinador da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial, que promoveu o proxecto, no que tamén participan a Asociación de Empresas Adicadas a Internet (EGANET), o Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) e o Instituto de Desenvolvemento e Inovação do Minho (IDITE-MINHO).

A presentación contou ademais coa presenza dun representante de TLR, empresa desenvolvedora da plataforma, que realizou unha demostración práctica do funcionamento desta ferramenta.

O proxecto CIC-Commerce ten como obxectivo contribuír a un mellor coñecemento das posibilidades do comercio electrónico por parte dos distribuidores de artigos de ferretería, electrodomésticos e materiais de construción, dado que se trata de sectores que se poden beneficiar especialmente da incorporación das novas tecnoloxías da información e das comunicacións (TICs), pero nos que éstas teñen unha penetración moi escasa.

CIC-Commerce conta co apoio de importantes cooperativas e asociacións de Galicia que actúan nestes sectores, como a Asociación de Empresarios de Materiales de Construcción (ASEMACO); Ferreteros Asociados de Galicia (FEASGA); Central Electrodomésticos del Noroeste S.A. e as cadeas de distribuidores de electrodomésticos San Luis; Uniserco – Milar; Vicoso e Fonomark.

**Para máis información, contactar con Xana García no número de teléfono 981 56 98 10, ou consultar a páxina web do proxecto: [www.cic-commerce.com](http://www.cic-commerce.com)**